



Acordo de Consello de Goberno, de 24 de xullo de 2026, polo que se aproba a adaptación da normativa específica do Programa de simultaneidade do Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios e o Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios ao Regulamento 1/2025, do 30 de xaneiro, do Consello de Goberno, para a ordenación de programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións de grao e máster con itinerario específico

O [Regulamento](#) 1/2025 establece o marco regulador aplicable aos Programas de Simultaneidade da Universidade da Coruña e dispón que cada programa deberá contar cunha normativa específica adaptada ao seu contido e ás previsións da nova regulación.

Así mesmo, a disposición transitoria segunda do regulamento establece que os Programas de Simultaneidade impartidos no curso académico 2024/25 deberán adaptar a súa normativa específica ao novo regulamento con anterioridade ao comezo do curso 2026/27.

Co fin de dar cumprimento a esta previsión normativa, os centros responsables dos programas elaboraron as correspondentes propostas de adaptación das súas normativas específicas.

Polo exposto, o Consello de Goberno, na súa sesión de 24 de xullo de 2025, acordou a aprobación da normativa específica do Programa de simultaneidade do Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios e o Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios ao Regulamento 1/2025, do 30 de xaneiro, do Consello de Goberno, para a ordenación de programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións de grao e máster con itinerario específico, que figura como Anexo.

O reitor



MEMORIA DO PROGRAMA DE SIMULTANEIDADE DO “GRAO EN INGLÉS: ESTUDOS LINGÜÍSTICOS E LITERARIOS” E O “GRAO EN GALEGO E PORTUGUÉS: ESTUDOS LINGÜÍSTICOS E LITERARIOS” POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Centro académico responsable:

Facultade de Filoloxía

Este programa foi aprobado pola Xunta de centro na sesión do 2 de xullo de 2026; a Comisión Permanente delegada da mesma aprobou modificacións o 17 de xullo de 2026.

Este programa foi aprobado polo Consello de Goberno na sesión do 24 de xullo de 2026.

1. Autorización do Programa de Simultaneidade

A Universidade da Coruña (UDC) aproba a posta en marcha dun Programa Académico de Simultaneidade de dobre titulación, cun itinerario específico proposto pola/s Facultade de Filoloxía, que lle permite ao estudiantado cursar simultaneamente os estudos oficiais de *Grao en inglés: estudos lingüísticos e literarios* e *Grao en galego e portugués: estudos lingüísticos e literarios* (a partir de agora, “Programa de Simultaneidade”, “Grao en Inglés” e “Grao en Galego e Portugués” respectivamente).

Este programa organízase de acordo a un itinerario formativo específico que establece unha ordenación temporal das diferentes disciplinas que se van a cursar baseada nos plans de estudos oficiais de ambos os títulos e segundo o disposto nos seguintes artigos.

2. Proxecto formativo

2.1. Denominación e duración do Programa

Esta memoria presenta e describe o Programa de Simultaneidade do Grao en Inglés, estudos lingüísticos e literarios e o Grao en Galego e Portugués, estudos lingüísticos e literarios. O estudiantado que supere este Programa de Simultaneidade obterá os dous títulos de *Grao en inglés: estudos lingüísticos e literarios* e *Grao en galego e portugués: estudos lingüísticos e literarios*.

O Programa terá unha duración de 5 cursos académicos, distribuídos en 10 cuatrimestres segundo a estrutura resumida no cadro seguinte e detallada no apartado 2.5.

Curso	Créditos	Tipo de materias
1º	60	Formación básica
2º	60	Obrigatorias
3º	72	Obrigatorias
4º	69	Obrigatorias (60) + Optativas (9)
5º	63	Obrigatorias (36) + Optativas (27)
TOTAL	324	60 FB + 228 OB + 36 OP

Para completar o programa será necesario superar un total de 324 créditos.

2.2. Centro que o propón

A Facultade de Filoloxía será a responsable da tramitación e custodia de toda a documentación académica relacionada co Programa de Simultaneidade, así como dos expedientes do alumnado. O estudiantado aboará neste centro os prezos públicos e as taxas por servizos académicos correspondentes aos títulos de *Grao en inglés: estudos lingüísticos e literarios* e de *Grao en galego e portugués: estudos lingüísticos e literarios*.

Todas as materias deste Programa de Simultaneidade impartiranse na Facultade de Filoloxía da UDC.

2.3. Número de prazas de novo ingreso ofertadas

O número de prazas dispoñibles para o novo estudantado no Programa de Simultaneidade determinarase cada curso académico, segundo o que aprobe o Consello de Goberno, por proposta da Facultade de Filoloxía e de conformidade coa normativa vixente.

2.4. Xustificación do Programa

Interese académico, científico e profesional do itinerario

O Programa de Simultaneidade do Grao en Inglés e do Grao en Galego-Portugués ofrece unha sólida formación en lingua, literatura e cultura para os ámbitos anglófono e galego-portugués. Tamén proporciona unha ampla perspectiva das correntes lingüísticas e da ciencia literaria aplicadas ao inglés e ao galego e portugués. Alén disto, facilita o coñecemento práctico doutros idiomas que escolle o propio alumnado (francés, italiano, alemán).

O programa ofrece unha formación actualizada, rigorosa e singular no marco do Sistema Universitario Galego, pois é o único que facilita cursar en paralelo os dous títulos. Para iso, combina os necesarios coñecementos lingüísticos, literarios e culturais co manexo das ferramentas derivadas das novas tecnoloxías. Igualmente, ofrece a posibilidade de completar a formación en prestixiosas universidades estranxeiras coas que existen convenios.

O programa proporciona unha formación moi ampla no ámbito dos estudos sobre a lingua, a literatura e a cultura no ámbito anglófono e galego-portugués. Estúdanse as diferentes ramas do saber filolóxico (gramática, pragmática, sociolingüística, historia da lingua, movementos e xéneros literarios, autoras e autores das literaturas inglesa e galega e portuguesa etc.) combinando os dous espazos culturais. Desta forma, o alumnado fica plenamente preparado para desenvolver con suceso as responsabilidades da súa vida laboral. Ao tempo, adquire unha moi boa competencia plurilingüe (español, galego, portugués, inglés; opcionalmente, tamén en francés, italiano ou alemán), o que redunda positivamente nas súas destrezas profesionais.

O estudantado, cando concluír o programa, está nunhas condicións óptimas para aplicar as experiencias e coñecementos adquiridos ao mundo laboral ou á continuación de estudos superiores.

Saídas profesionais

Ao finalizar os seus estudos, o alumnado disporá dunha moi alta especialización nos ámbitos lingüísticos e literarios anglófono e galego-portugués. Por iso, conectará cun contexto profesional tamén especializado en que o ensino no ámbito público e privado (academias, colexios, facultades, institutos, lectorados en universidades estranxeiras etc.), o asesoramento lingüístico e sociocultural, a tradución ou a dinamización cultural se perfilan como os principais itinerarios laborais.

Entre os principais perfís laborais, salientáanse, ademais dos anteriores, os seguintes: mediación lingüística; aplicación á empresa das tecnoloxías da información e a comunicación; actividade editorial e cultural; medios de comunicación; xestión cultural, promoción literaria; normalización lingüística; publicidade; librarías especializadas etc.

Referentes externos

Este programa foi elaborado para facer posible que un/unha estudante poida desenvolver simultaneamente os estudos do Grao en Inglés e os do Grao en Galego e Portugués, que substituíran, respectivamente, as anteriores Licenciatura en Filoloxía Inglesa e Licenciatura en Filoloxía Galega. Para a implantación dos graos, tívose tamén presente a oferta de títulos de diferentes universidades europeas, onde é moi frecuente que se estuden polo menos dúas linguas de maneira conxunta (en Francia, Italia, Portugal...) e as súas literaturas respectivas, ben como materias de lingüística, teoría literaria e tradución.

A elaboración deste programa foi feita ao abeiro da “Normativa específica para o Programa de Simultaneidade do Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios e o Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios”, a cal foi aprobada polo Consello de Goberno da UDC na súa sesión do día 23 de marzo de 2015. O anteproxecto foi exposto publicamente, debatido e finalmente aprobado pola Xunta de Facultade de 24 de febreiro de 2015.

Suficiencia de recursos humanos e materiais

O programa desenvólvese no mesmo centro universitario e co mesmo persoal docente e de administración que se encarga da impartición e xestión dos dous títulos individuais que integra. No itinerario de estudos non figuran materias diferentes ás propias de cada un dos títulos singulares, nin está prevista a constitución de grupos de docencia específicos para o estudiantado do programa, de maneira que tanto os recursos humanos como os materiais son suficientes e adecuados para o correcto desenvolvemento daquel.

Obxectivos

Obxectivos xerais	OX1	Proporcionar ao graduado/a unha formación xeral avanzada nos estudos lingüísticos e literarios (do inglés, o galego e o portugués) para preparalo para o acceso a diferentes postos de profesional cualificado/a e para a continuación de estudos posteriores de nivel superior.
	OX2	Desenvolver no estudantado habilidades comunicativas, capacidade de análise e síntese e o exercicio do pensamento crítico.
	OX3	Dotar o graduado/a dunha competencia plurilingüe avanzada (inglés, galego e español).
	OX4	Formar o estudante na aplicación e na aplicabilidade dos coñecementos adquiridos.
	OX5	Transmitir ao estudantado a importancia dos estudos lingüísticos e literarios para o avance socioeconómico e cultural da sociedade.
	OX6	Formar o estudantado no respecto aos dereitos fundamentais e nos valores dunha cultura democrática.
Obxectivos transversais	OT1	Saber utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de procura de información.
	OT2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
	OT3	Adquirir capacidade de autoformación.
	OT4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorna.
	OT5	Relacionar os coñecementos cos de outras áreas e disciplinas.
	OT6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
	OT7	Ter capacidade de análise e de síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
	OT8	Apreciar a diversidade.
	OT9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico para o avance socioeconómico e cultural da sociedade.
	OT10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e/ou profesional.
Obxectivos específicos	OE1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
	OE2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
	OE3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
	OE4	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.
	OE5	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.
	OE6	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa.
	OE7	Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.
	OE8	Ter un dominio instrumental oral e escrito dunha segunda lingua estranxeira.
	OE9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
	OE10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
	OE11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
	OE12	Coñecer os principios teóricos básicos da tradución directa e inversa e ser capaz de poñelos en práctica.
	OE13	Coñecer a lingua, a literatura e a cultura latina.



	OE14	Ser capaz de identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
	OE15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
	OE16	Coñecer a crítica textual e a edición de textos.
	OE17	Ter coñecementos de terminoloxía y neoloxía
	OE18	Ter un coñecemento avanzado das literaturas en lingua inglesa.
	OE19	Coñecer a historia e a cultura das comunidades anglófonas.
	OE20	Dominar a gramática da lingua inglesa.
	OE21	Coñecer a situación sociolingüística da lingua inglesa.
	OE22	Coñecer a variación lingüística da lingua inglesa.
	OE23	Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua inglesa.
	OE24	Ter un coñecemento avanzado da literatura galega.
	OE25	Ter un coñecemento avanzado da literatura portuguesa.
	OE26	Coñecer a historia e a cultura das comunidades galegofalantes.
	OE27	Coñecer a historia e a cultura das comunidades lusófonas.
	OE28	Dominar a gramática da lingua galega.
	OE29	Dominar a gramática da lingua portuguesa.
	OE30	Coñecer a situación sociolingüística da lingua galega.
	OE31	Dominar os modelos e técnicas da planificación lingüística.
	OE32	Coñecer a variación lingüística da lingua galega.
	OE33	Coñecer a variación lingüística da lingua portuguesa.
	OE34	Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua galega.
	OE35	Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua portuguesa.

2.5. Itinerario curricular específico organizado por cursos e cuatrimestres

1º CURSO							
1º cuatrimestre				2º cuatrimestre			
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia	Créditos	Carácter
202170	Lingua Española 1	6	FB	202175	Lingua e Cultura Clásica	6	FB
202171	Lingua Galega 1	6	FB	200103	Tecnoloxías da Información e da Comunicación	6	FB
202172	Lingua Inglesa 1	6	FB	200104	Lingua Inglesa 2	6	FB
202173	Lingüística Xeral	6	FB	200105	Historia	6	FB
202174	Introdución aos Estudos Literarios	6	FB	200106	Literatura Inglesa 1	6	FB
Total créditos		30		Total créditos:		30	

2º CURSO							
Anual							
Código		Materia		Créditos		Carácter	
200107		Literatura Española		9		OB	
200108		Literatura Galega		9		OB	
1º cuatrimestre				2º cuatrimestre			
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia	Créditos	Carácter
200109	Lingua española 2	6	OB	200113	Literatura Inglesa 2	6	OB
200110	Lingua Galega 2	6	OB	200114	Técnicas de tradución	6	OB
200111	Lingua Inglesa 3	6	OB	200115	Lingua Inglesa 4	6	OB
Elixir 1							
200112	Idioma moderno: Francés	6	OB				
202228	Idioma moderno: Italiano						
202229	Idioma moderno: Portugués						
202231	Idioma moderno: Alemán						
Total créditos:		33		Total créditos:		27	

3º CURSO							
Materias do grao en inglés							
1º cuadrimestre				2º cuadrimestre			
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia	Créditos	Carácter
202261	Lingua inglesa e os seus usos 1	6	OB	202265	Literatura norteamericana 1	6	OB
202262	Literatura inglesa (séculos XVI e XVII)	6	OB	202266	Gramática inglesa	6	OB
202264	Fonética da lingua inglesa	6	OB	202267	Literatura poscolonial	6	OB
Materias do grao en galego e portugués							
1º cuadrimestre				2º cuadrimestre			
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia	Créditos	Carácter
200134	Lingua galega e comunicación oral	6	OB	200137	Literatura galega contemporánea 1	6	OB
200135	Lingua portuguesa 1	6	OB	200138	Lingua galega e sociedade	6	OB
200136	Literatura medieval galego-portuguesa	6	OB	200139	Literatura portuguesa 1	6	OB
Total créditos:		36	OB	Total créditos:		36	

4º CURSO							
Materias do grao en inglés							
1º cuadrimestre				2º cuadrimestre			
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia	Créditos	Carácter
202263	Cultura e civilización dos países de fala inglesa	6	OB	200166	Estudos de lingua inglesa	6	OB
200163	Literatura inglesa (séculos XVIII e XIX)	6	OB	200167	Literatura inglesa (séculos XX e XXI)	6	OB
200164	Lingua inglesa e os seus usos 2	6	OB				
Materias do grao en galego e portugués							
1º cuadrimestre				2º cuadrimestre			
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia	Créditos	Carácter
200133	Historia da lingua galega e portuguesa	6	OB	200152	Literaturas de lingua portuguesa	6	OB
200148	Lingua portuguesa 2	6	FB	200153	Gramática galega	6	OB
200149	Literatura galega contemporánea 2	6	FB				
Elixir dúas materias optativas das ofertadas no 2º cuadrimestre						9	OP
Total créditos:		36		Total créditos:		33	

5º CURSO							
Materias do grao en inglés							
1º cuadrimestre				2º cuadrimestre			
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia	Créditos	Carácter
200162	Literatura norteamericana 2	6	OB	200168	Traballo fin de grao (Inglés)	6	OB
200165	Historia da lingua inglesa	6	OB				
Materias do grao en galego e portugués							
1º cuadrimestre				2º cuadrimestre			
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia	Créditos	Carácter
200150	Literatura portuguesa 2	6	OB	200154	Traballo Fin de Grao (Galego e Portugués)	6	FB
200151	Lingua galega: norma e usos	6	OB				
Elixir dúas materias optativas das ofertadas no 1º cuadrimestre		9	OP	Elixir catro materias optativas das ofertadas no 2º cuadrimestre		18	OP
Total créditos		33				30	

Materias optativas ofertadas

Do grao en inglés

1º cuadrimestre		2º cuadrimestre	
202268	Técnicas de redacción e argumentación (3º curso, Inglés)	202272	Cuestións de lingua inglesa (3º curso, Inglés)
202269	Inglés científico-técnico (3º curso, Inglés)	200159	A literatura inglesa e a súa crítica (3º curso, Inglés)
200169	Variedades do inglés (4º curso, Inglés)	200173	Literatura irlandesa (4º curso, Inglés)
200170	Literatura inglesa e xénero (4º curso, Inglés)	200174	Literatura norteamericana nos seus textos (4º curso, Inglés)

Do grao en galego e portugués

1º cuadrimestre		2º cuadrimestre	
200140	Lingua e cultura dos países de fala portuguesa (3º curso, Galego e Portugués)	200144	Normalización e planificación da lingua galega (3º curso, Galego e Portugués)
200141	Edición e comentario de textos galegos e portugueses (3º curso, Galego e Portugués)	200145	Literatura galega e estudos socioculturais (3º curso, Galego e Portugués)
200155	Lingua e variación no espazo galego-portugués (4º curso, Galego e Portugués)	202256	Narrativa e ensaio en lingua galega e portuguesa (4º curso, Galego e Portugués)
200156	Poesía en lingua galega e portuguesa (4º curso, Galego e Portugués)	202257	Teatro en lingua galega e portuguesa (4º curso, Galego e Portugués)

Deberán cursar en total:

- dúas materias de 3º do Grao en Galego e portugués
- dúas materias de 3º do Grao en Inglés
- dúas materias de 4º do Grao en Galego e Portugués
- dúas materias de 4º do Grao en Inglés

Outras materias optativas que se poden cursar como formación adicional

1º cuadrimestre		2º cuadrimestre	
202271	Filosofía e literatura	200161	Linguaxe, discurso e comunicación
202270	Idioma moderno 2: Francés	200160	Idioma moderno 3: Francés
200177	Idioma moderno 2: Italiano	200180	Idioma moderno 3: Italiano
200179	Idioma moderno 2: Alemán	200182	Idioma moderno 3: Alemán
200126	Linguas do mundo	200130	Estruturas e variedades do latín
200142	Historia e cultura de Galicia	200146	Cultura latina medieval
200171	Literatura e artes visuais	200147	As linguas románicas
202222	Contactos lingüísticos e literarios na tradición románica	200176	Idioma moderno 4: Francés
202223	Literatura latina	200183	Idioma moderno 4: Italiano
200157	Literatura comparada	202226	Lingua e sociedade
200158	Linguas e tecnoloxías	202227	Literatura e cultura
		202259	Literaturas románicas
		200175	Español como L2
		202258	Lecturas de literatura española e hispanoamericana

A oferta de materias de formación adicional actualizarase cada curso na páxina web do centro.

2.6. Traballo de Fin de Grao (TFG) e Prácticas Externas

Todo o relativo ao procedemento de inscrición, elaboración e defensa do TFG está recollido no regulamento dos traballos de fin de grao das titulacións impartidas na Facultade de Filoloxía da UDC, aprobado en Xunta de Facultade e polo Consello de Goberno da UDC.

Os TFG de cada un dos títulos do programa inscribíranse consonte a unha das liñas de traballo programadas para cada titulación, e será tutorizado por un dos docentes que ofertasen esa liña; será tamén defendido e avaliado de forma independente, sen que se contemple a posibilidade dunha defensa ou avaliación conxunta. Porén, permitirase que ambos traballos poidan constituír un corpus multidisciplinar e que poidan ser codirixidos por profesorado de ambos graos.

O estudantado non terá que ter superados todos os créditos correspondentes ao Programa de Simultaneidade para defender os traballos. Poderá defender o TFG de cada grao en canto acade os créditos necesarios para completar esa titulación particular (incluíndo os 18 créditos de materias optativas específicas da outra titulación).

O estudantado poderá participar na convocatoria anual de prácticas extracurriculares para as titulacións de grao organizada polo Centro. O máximo de créditos ao que poderán optar por este concepto será o establecido pola normativa aplicable no momento, e aqueles figurarán no seu expediente como créditos de formación adicional, sen efecto para o cálculo da media académica.

2.7. Coñecementos e competencias esenciais para alcanzar

Competencias xenéricas

Entre as habilidades xenéricas que adquire o estudantado cómpre sinalar a capacidade de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica, a competencia para analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando as modernas técnicas de análise textual, a habilidade para aplicar as novas tecnoloxías ao estudo do fenómeno lingüístico e literario, a capacidade para apreciar os valores artísticos, culturais e estéticos nos textos literarios, e a habilidade para pór en relación a lingua, a literatura, a historia e a cultura.

Competencias específicas

Cando finalizar o Programa de Simultaneidade, o alumnado fica totalmente cualificado nas seguintes competencias:

- Coñecer e aplicar os métodos e técnicas de análise lingüística e literaria no marco dos estudos anglófonos e galego-portugueses.
- Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria anglófona e

galego-portuguesa.

- Dominar a gramática das linguas inglesa, galega e portuguesa.
- Ter un coñecemento avanzado das literaturas anglófonas e de expresión galega e portuguesa.
- Ter capacidade para analizar, avaliar, e sintetizar criticamente información lingüística e literaria do ámbito anglófono e galego-portugués.
- Coñecer a variación lingüística no dominio anglófono e no galego-portugués.
- Coñecer a historia interna e externa das linguas inglesa, galega e portuguesa.
- Coñecer as tipoloxías textuais e formular propostas de corrección lingüística e/ou textual para o inglés, o galego e o portugués.

O programa, en suma, permite adquirir os coñecementos e competencias programados nas memorias dos respectivos graos individuais, pois, ademais de incluír todas as materias de formación básica impartidas en primeiro curso, incorpora tamén as materias obrigatorias de 2º curso, comúns a todos os títulos de grao, e a totalidade das materias obrigatorias cursadas en cada un dos graos individuais en terceiro e cuarto curso, distribuídas no programa de simultaneidade entre terceiro, cuarto e quinto cursos. Ademais, permite escoller até 36 créditos optativos, 9 en cuarto curso e 27 en quinto, todos eles correspondentes a materias optativas específicas de cada un dos graos. A oferta destas materias específicas ten un alto grao de coherencia, pois aborda —para cada un dos graos— cuestións metodolóxicas propias dos estudos filolóxicos en xeral, ou ben aproximacións de carácter práctico ou complementar a determinados campos dos estudos lingüísticos e literarios dos dominios anglófono e galego-portugués. Ademais, permite que o estudantado especialice o seu currículo, ben no ámbito dos estudos lingüísticos, ben no dos estudos literarios.

2.8. Táboa de recoñecementos mutuos entre as dúas titulacións

Con carácter xeral, as materias de formación básica de 1º curso e as obrigatorias de 2º curso, son comúns aos dous graos.

As materias obrigatorias cursadas en terceiro, cuarto e quinto cursos son as mesmas que figuran como obrigatorias nos programas de cada un dos títulos singulares para os cursos de terceiro e cuarto, mais con distinto cronograma.

No momento de superar o programa de simultaneidade e solicitar a expedición dos dous títulos correspondentes, os créditos correspondentes ás materias optativas específicas cursadas da titulación b) figurarán no expediente da titulación a) como créditos recoñecidos sen cualificación, e non afectarán o cómputo da media académica.

As cualificacións das materias optativas de formación adicional figurarán no expediente do/a estudante, sen teren efecto para completar a simultaneidade nin para o cálculo da media académica.

Grao en Galego e Portugués					PROGRAMA ACADÉMICO DE SIMULTANEIDADE	
Código	Créditos	Materia	Curso	Carácter	Código	Materia
200140	4,5	Lingua e cultura dos países de fala portuguesa	3º	OP		recoñecida
200141	4,5	Edición e comentario de textos galegos e portugueses	3º	OP		recoñecida
200155	4,5	Lingua e variación no espazo galego-portugués	4º	OP		recoñecida
200156	4,5	Poesía en lingua galega e portuguesa	4º	OP		recoñecida
200144	4,5	Normalización e planificación da lingua galega	3º	OP		recoñecida
200145	4,5	Literatura galega e estudos socioculturais	3º	OP		recoñecida
202256	4,5	Narrativa e ensaio en lingua galega e portuguesa	4º	OP		recoñecida
202257	4,5	Teatro en lingua galega e portuguesa	4º	OP		recoñecida

Grao en Inglés					PROGRAMA ACADÉMICO DE SIMULTANEIDADE	
Código	Créditos	Materia	Curso	Carácter	Código	Materia
202268	4,5	Técnicas de redacción e argumentación	3º	OP		recoñecida
202269	4,5	Inglés científico-técnico	3º	OP		recoñecida
200169	4,5	Variedades do inglés	4º	OP		recoñecida
200170	4,5	Literatura inglesa e xénero	4º	OP		recoñecida
202272	4,5	Cuestións de lingua inglesa	3º	OP		recoñecida
200159	4,5	A literatura inglesa e a súa crítica	3º	OP		recoñecida
200173	4,5	Literatura irlandesa	4º	OP		recoñecida
200174	4,5	Literatura norteamericana nos seus textos	4º	OP		recoñecida

2.9. Mecanismos de coordinación docente

Para cada titulación en particular, sexa de grao ou de mestrado, hai un/unha coordinador/a de título, encargado/a de harmonizar os contidos e sistemas de avaliación das materias de cada unha das áreas con docencia na Facultade, así como de supervisar as guías docentes. Os/as coordinadores/as de titulación son membros natos tanto da Comisión de Organización Académica como da Comisión de Estratexia e Calidade. Ademais, convocan de xeito periódico sesións de coordinación entre o profesorado a diferentes niveis: de curso, de título etc.

Segundo o Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Filoloxía [RRI], a Comisión de Organización Académica [COA], comisión delegada da Xunta de Facultade, é o organismo encargado de coordinar o labor docente do Centro e, por extensión, o específico do programa de simultaneidade. A súa composición é a establecida no Regulamento de Réxime Interno do Centro. Son funcións da COA:

- a) Emitir informe vinculante ao decano nos recoñecementos e transferencias segundo se prevé na Normativa de recoñecemento e transferencia de créditos para titulacións adaptadas ao espazo europeo de educación superior.
- b) Informar sobre aquelas cuestións que lle propuxeren os órganos competentes.
- c) Informar sobre o recoñecemento como crédito de cursos, de seminarios, de xornadas e de congresos.
- d) Analizar as situacións irregulares que se produciren na vida académica da Facultade, tras a audiencia das partes implicadas.
- e) Organizar, supervisar e informar sobre as actividades docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito de competencia, ben como coordinar e supervisar o desenvolvemento dos contidos mínimos das materias que neles impartan os departamentos, de acordo cos planos de estudo e cos obxectivos establecidos para cada titulación.
- f) Calquera outra función de tipo académico que lle asignaren os órganos competentes.

Por outra parte, a Comisión de Estratexia e Calidade, cuxa composición é a establecida no Regulamento de Réxime Interno do Centro, ten competencia en:

- a) Realizar o seguimento dos planos de mellora das titulacións que se imparten no centro e elaborar unha memoria anual sobre o grao de execución e de satisfacción dos planos de mellora.
- b) Coordinar e promover accións correctoras que estiveren destinadas a mellorar a calidade da docencia.
- c) A elaboración e o seguimento, se proceder, de calquera informe de avaliación da calidade que se solicitar ao centro.
- d) Colaborar na elaboración e na actualización dos planos estratéxicos que corresponden á Facultade no ámbito do plano estratéxico da UDC.
- e) Promover relacións cos axentes sociais e económicos que redundaren na mellora das titulacións e na inserción laboral de egresados.
- f) Todas aquelas recollidas nos procedementos do SGIC.
- g) Calquera outra función que, relacionada coa calidade, lle asignar a Xunta de Facultade.

Outras figuras con funcións de coordinación son os/as coordinadores/as de sección departamental (ou área de coñecemento), o/a coordinador/a do Plan de acción tutorial e o/a coordinador/a do Programa de atención á diversidade.

3. Normativa específica para o Programa de Simultaneidade do Grao en Inglés: estudos lingüísticos e literarios, e o Grao en Galego e Portugués: estudos lingüísticos e literarios pola Universidade da Coruña

PREÁMBULO

Esta normativa aplícase ao Programa de Simultaneidade dos estudos de *Grao en inglés: estudos lingüísticos e literarios* e *Grao en galego e portugués: estudos lingüísticos e literarios*. A súa xustificación, obxectivos e organización aparecen detallados na memoria do mesmo.

Artigo 1. Organización xeral do programa

Este Programa de Simultaneidade organízase cunha distribución temporal das diferentes disciplinas que se van cursar baseada nos plans de estudos oficiais de ambos graos, e tendo en conta o disposto na memoria do programa e o regulado nos artigos seguintes.

Artigo 2. Titulacións que se obterán

O estudantado que supere este Programa de Simultaneidade obterá os dous títulos de *Grao en inglés: estudos lingüísticos e literarios* pola UDC e *Grao en galego e portugués: estudos lingüísticos e literarios* pola UDC.

Artigo 3. Duración do programa

Terá unha duración de cinco cursos académicos, dez cuatrimestres repartidos consono a estrutura que figura no anexo I. O número de créditos necesario para superar o programa será de 324 créditos.

Artigo 4. Centro responsable da xestión administrativa do Programa de Simultaneidade

A Facultade de Filoloxía será responsable da tramitación e custodia de toda a documentación académica relacionada co Programa de Simultaneidade e dos expedientes do alumnado. O estudantado do programa aboará neste centro os prezos públicos e taxas por servizos académicos que correspondan aos títulos *Grao en inglés: estudos lingüísticos e literarios* e *Grao en galego e portugués: estudos lingüísticos e literarios* (de agora en diante, Grao en Inglés e Grao en Galego e Portugués respectivamente).

Artigo 5. Centro de impartición do ensino

A impartición de todas as disciplinas deste programa de simultaneidade realizarase na Facultade de Filoloxía da UDC.

Artigo 6. Número de estudantes

O número de estudantes de acceso ao Programa de Simultaneidade será, en cada curso académico, o que oportunamente aprobe o Consello de Goberno, a proposta da Facultade de Filoloxía e de conformidade coa normativa vixente.

Artigo 7. Acceso e admisión de estudantes

1. Só poderá acceder ao Programa de Simultaneidade aquel estudantado que reúna os requisitos legais de acceso para ambos os graos.
2. A solicitude de admisión para cursar este Programa de Simultaneidade realizarase polo mesmo procedemento que para o resto de titulacións ofertadas pola UDC.
3. Aquel estudantado que estea a cursar o 2º curso do *Grao en inglés: estudos lingüísticos e literarios*, do *Grao en galego e portugués: estudos lingüísticos e literarios* ou do *Grao en español: estudos lingüísticos e literarios*, e que desexase cursar o Programa de Simultaneidade no curso académico seguinte, poderá acceder ao mesmo co recoñecemento das materias de 1º e 2º curso. Este recoñecemento terá carácter gratuíto (véxase o anexo III).

A Facultade de Filoloxía propondrá, para a súa aprobación polo Consello de Goberno, o número máximo de estudantes que poderá acceder por esta vía ao Programa de Simultaneidade no curso académico seguinte.

A admisión deste alumnado realizarase de acordo cos seguintes criterios:

- a) A nota de acceso á Universidade, que deberá ser igual ou superior á nota que se esixiu para a admisión no Programa de Simultaneidade no curso académico anterior, excepto que o número de solicitudes sexa inferior á oferta anual aprobada pola UDC.
 - b) No caso de empate terase en conta a nota media do expediente correspondente aos dous primeiros cursos rematados ou en proceso, tendo prioridade os que teñan 120 créditos superados.
4. Non se contempla o ingreso no Programa de Simultaneidade do alumnado que está a realizar cursos superiores a 2º curso dos graos.

Artigo 8. Criterios de matrícula

1. O estudantado de 1º curso que curse estes estudos por primeira vez poderá optar por matricularse no réxime de dedicación a tempo completo —é dicir, da totalidade dos créditos correspondentes ao 1º curso—, ou ben a tempo parcial ou réxime de matrícula adaptada, segundo o que establece a normativa que regula o réxime de dedicación ao estudo do estudantado de grao na UDC.
2. O estudantado de continuación de estudos deberá efectuar a súa matrícula en réxime de dedicación a tempo completo ou en réxime de dedicación a tempo parcial ou réxime de matrícula adaptada, respectando o número de créditos establecido con carácter xeral para todo o alumnado da UDC, segundo o que establece a normativa que regula o réxime de dedicación ao estudo do estudantado de grao na UDC.
3. De acordo coa norma de progresión nos programas académicos aprobada na UDC, o estudantado deberá matricularse de todos os créditos de formación básica e obrigatoria non superados de cursos anteriores.
4. O alumnado de continuación de estudos matriculado en réxime de dedicación a tempo parcial deberá efectuar a súa matrícula respectando o número de créditos es-

tablecido con carácter xeral para todo o estudiantado da UDC na normativa de xestión académica (NXA) vixente para cada curso académico.

5. O estudiantado poderá desistir da súa matrícula de acordo co que dispuxer a NXA que rexa en cada curso académico.

Artigo 9. Permanencia e progresión: número de créditos que se deben superar

1. O estudiantado de 1º curso matriculado neste por primeira vez deberá superar nese curso académico o número mínimo de créditos establecido na normativa que regula a permanencia e a progresión do estudiantado de grao na UDC.

2. O estudiantado de continuación de estudos deberá cumprir os requisitos de permanencia e progresión establecidos na citada norma.

3. Os/as estudantes que teñan superado todas as materias dun dos títulos do programa, manteranse neste programa para completar a outra titulación, atendendo sempre a normativa sobre permanencia vixente no momento.

Artigo 10. Avaliación e número de convocatorias

1. A formalización da matrícula dará dereito en cada curso académico a unha convocatoria con dúas oportunidades de avaliación, que se realizarán conforme ao calendario académico aprobado, ou á norma que corresponda.

2. A avaliación realizarase segundo o establecido nas correspondentes guías docentes, e as convocatorias de exame serán aprobadas e feitas públicas polo centro xunto coas de cada un dos graos.

Artigo 11. Incumprimento das normas de permanencia

1. Aquel estudiantado matriculado no Programa de Simultaneidade que non cumpra as condicións e requisitos de permanencia que establece esta norma deberá abandonar os estudos, de conformidade co disposto na normativa que regula a permanencia e a progresión do estudiantado de grao na UDC.

2. As situacións de carácter excepcional suficientemente acreditadas que dean lugar a solicitudes presentadas polo estudiantado do Programa serán atendidas pola persoa titular do decanato da facultade, quen resolverá por desconcentración da reitora ou do reitor da UDC, logo do informe da Comisión de Organización Académica (COA).

Contra a resolución do decano ou decana, o estudiantado poderá presentar un recurso de alzada perante a reitora ou o reitor na forma e prazos previstos na lexislación vixente, sen prexuízo de poder interpoñer calquera outro recurso que considere.

Artigo 12. Abandono do Programa de Simultaneidade

1. As persoas que decidan abandonar o Programa de Simultaneidade deberán notificalo á Administración da Facultade de Filoloxía antes do inicio do período ordinario de matrícula, indicando en cal dos graos individuais desexa manter o expediente aberto (véxase o anexo IV).

2. O estudantado, de ser o caso, poderá:

a) Optar, no prazo indicado, por calquera das dúas titulacións do Programa, sempre que teña aprobados polo menos doce créditos da titulación que vaia cursar se a matrícula se efectuou no réxime de dedicación a tempo completo, ou seis créditos de efectuarse no réxime de dedicación a tempo parcial.

De non cumprir este requisito, poderá admitirse a matrícula atendendo a normativa vixente que regula a progresión e a permanencia do estudantado de grao e mestrado universitario na Universidade da Coruña.

O estudantado terá dereito ao recoñecemento de créditos que proceda, na titulación pola que opte, por aqueles outros superados na titulación que abandone.

b) Optar, no prazo que corresponder, por solicitar praza para iniciar estudos noutra titulación distinta, seguindo as normas e os procedementos de carácter xeral.

O estudantado terá dereito ao recoñecemento que proceda, na titulación en que se matricule, por aqueles outros créditos superados no Programa de Simultaneidade.

Artigo 13. Recoñecementos específicos para estudantes deste Programa de Simultaneidade

1. Ao estudantado que superar o Programa de Simultaneidade recoñeceránselle os créditos das materias optativas específicas de cada unha das titulacións do programa.

2. Os recoñecementos faranse efectivos de xeito automático logo de superar o total de créditos previstos no Plan de Simultaneidade, agás os traballos de fin de grao.

Artigo 14. Traballos de fin de grao

De acordo coas memorias verificadas do *Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios* e do *Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios*, na fase final do plan de estudos, e de acordo coa normativa da UDC, realizaranse dous traballos de fin de grao (TFG), que poderán facerse simultaneamente

O TFG de cada un dos títulos do programa inscribírase consonte a unha das liñas de traballo programadas para cada titulación, e será titorizado por un/unha dos docentes que ofertasen esa liña; será tamén defendido e avaliado de forma independente, sen que se contemple a posibilidade dunha defensa ou avaliación conxunta. Porén, permitirase que ambos os traballos poidan constituír un corpus multidisciplinar e que poidan ser codirixidos por profesorado de ambos graos, aínda que cada TFG terá a súa propia avaliación e cualificación final.

O estudantado non terá que ter superados todos os créditos correspondentes ao programa de simultaneidade para defender os traballos. Poderá defender o TFG de cada grao en canto acade os créditos necesarios para completar esa titulación particular (incluíndo os 18 créditos de materias optativas específicas da outra titulación).

Todo o relativo ao procedemento de inscrición, elaboración e defensa do TFG está

recollido no regulamento dos traballos de fin de grao nas titulacións impartidas na Facultade de Filoloxía da UDC, aprobado en Xunta de Facultade e en Consello de Goberno da UDC.

Artigo 15. Prácticas externas extracurriculares

O estudantado poderá participar na convocatoria anual de prácticas extracurriculares para as titulacións de grao organizada polo Centro. O máximo de créditos ao que poderán optar por este concepto é 4,5, que figurarán no seu expediente como créditos de formación adicional, sen efecto no cálculo da media académica.

Artigo 16. Expedición dos títulos oficiais de grao

O estudantado deberá solicitar a expedición de cada un dos dous títulos oficiais: Graduado/a en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios pola UDC e Graduado/a en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios pola UDC.

A solicitude farase perante a Administración da Facultade de Filoloxía, e aboaranse en concepto de expedición de cada título os prezos públicos establecidos a tal efecto pola Xunta de Galicia para cada curso académico.

Os trámites administrativos que se realicen para estes efectos serán, para cada título, os mesmos que están establecidos con carácter xeral no procedemento de expedición de títulos oficiais.

Disposición adicional primeira. Normativa supletoria

Para o que non está establecido nesta normativa nin na memoria correspondente, os trámites académico administrativos relacionados con estes estudos regularanse pola normativa de xestión académica correspondente a cada curso académico e demais normativas da UDC que resulten de aplicación, así como por calquera outra norma de rango superior.

Disposición adicional segunda. Oferta e continuidade do Programa de Simultaneidade

A UDC resérvase o dereito de non ofertar para promocións sucesivas o Programa de Simultaneidade de estudos que regulan esta normativa e a memoria correspondente se a demanda deste non se correspondese coa oferta académica anual; porén, o estudantado de continuación de estudos terá garantida a posibilidade de rematar os estudos do Programa de Simultaneidade.

Disposición transitoria. Curso académico de aplicación desta normativa

Esta norma, xunto coa memoria do programa, serán de aplicación a todo o estudantado matriculado no programa a partir do curso académico 2026/2027.

Disposición derogatoria. Derogación normativa

Queda derogada a Normativa específica para o Programa de Simultaneidade do Grao

en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios e o Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios, aprobada polo Consello de Goberno do 23/03/2015 e modificada polo Consello de Goberno do 20/07/2017.

Disposición final primeira. Habilitación

Corresponderalle á vicerreitoría competente en materia de titulacións a interpretación e resolución de cantas cuestións xurdiren en aplicación desta normativa.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Esta norma entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

O reitor

Ricardo José Cao Abad

Anexo I. Itinerario curricular específico

1º CURSO							
1º cuatrimestre				2º cuatrimestre			
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia	Créditos	Carácter
202170	Lingua Española 1	6	FB	202175	Lingua e Cultura Clásica	6	FB
202171	Lingua Galega 1	6	FB	200103	Tecnoloxías da Información e da Comunicación	6	FB
202172	Lingua Inglesa 1	6	FB	200104	Lingua Inglesa 2	6	FB
202173	Lingüística Xeral	6	FB	200105	Historia	6	FB
202174	Introdución aos Estudos Literarios	6	FB	200106	Literatura Inglesa 1	6	FB
Total créditos		30		Total créditos:		30	

2º CURSO							
Anual							
Código		Materia		Créditos		Carácter	
200107		Literatura Española		9		OB	
200108		Literatura Galega		9		OB	
1º cuatrimestre				2º cuatrimestre			
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia	Créditos	Carácter
200109	Lingua española 2	6	OB	200113	Literatura Inglesa 2	6	OB
200110	Lingua Galega 2	6	OB	200114	Técnicas de tradución	6	OB
200111	Lingua Inglesa 3	6	OB	200115	Lingua Inglesa 4	6	OB
Elixir 1							
200112	Idioma moderno: Francés	6	OB				
202228	Idioma moderno: Italiano						
202229	Idioma moderno: Portugués						
202231	Idioma moderno: Alemán						
Total créditos:		33		Total créditos:		27	

3º CURSO							
Materias do grao en inglés							
1º cuadrimestre				2º cuadrimestre			
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia	Créditos	Carácter
202261	Lingua inglesa e os seus usos 1	6	OB	202265	Literatura norteamericana 1	6	OB
202262	Literatura inglesa (séculos XVI e XVII)	6	OB	202266	Gramática inglesa	6	OB
202264	Fonética da lingua inglesa	6	OB	202267	Literatura poscolonial	6	OB
Materias do grao en galego e portugués							
1º cuadrimestre				2º cuadrimestre			
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia	Créditos	Carácter
200134	Lingua galega e comunicación oral	6	OB	200137	Literatura galega contemporánea 1	6	OB
200135	Lingua portuguesa 1	6	OB	200138	Lingua galega e sociedade	6	OB
200136	Literatura medieval galego-portuguesa	6	OB	200139	Literatura portuguesa 1	6	OB
Total créditos:		36	OB	Total créditos:		36	

4º CURSO							
Materias do grao en inglés							
1º cuadrimestre				2º cuadrimestre			
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia	Créditos	Carácter
202263	Cultura e civilización dos países de fala inglesa	6	OB	200166	Estudos de lingua inglesa	6	OB
200163	Literatura inglesa (séculos XVIII e XIX)	6	OB	200167	Literatura inglesa (séculos XX e XXI)	6	OB
200164	Lingua inglesa e os seus usos 2	6	OB				
Materias do grao en galego e portugués							
1º cuadrimestre				2º cuadrimestre			
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia	Créditos	Carácter
200133	Historia da lingua galega e portuguesa	6	OB	200152	Literaturas de lingua portuguesa	6	OB
200148	Lingua portuguesa 2	6	FB	200153	Gramática galega	6	OB
200149	Literatura galega contemporánea 2	6	FB				
Elixir dúas materias optativas das ofertadas no 2º cuadrimestre						9	OP
Total créditos:		36		Total créditos:		33	

5º CURSO							
Materias do grao en inglés							
1º cuadrimestre				2º cuadrimestre			
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia	Créditos	Carácter
200162	Literatura norteamericana 2	6	OB	200168	Traballo fin de grao (Inglés)	6	OB
200165	Historia da lingua inglesa	6	OB				
Materias do grao en galego e portugués							
1º cuadrimestre				2º cuadrimestre			
Código	Materia	Créditos	Carácter	Código	Materia	Créditos	Carácter
200150	Literatura portuguesa 2	6	OB	200154	Traballo Fin de Grao (Galego e Portugués)	6	FB
200151	Lingua galega: norma e usos	6	OB				
Elixir dúas materias optativas das ofertadas no 1º cuadrimestre		9	OP	Elixir catro materias optativas das ofertadas no 2º cuadrimestre		18	OP
Total créditos		33				30	

Materias optativas ofertadas

Do grao en inglés

1º cuadrimestre		2º cuadrimestre	
202268	Técnicas de redacción e argumentación (3º curso, Inglés)	202272	Cuestións de lingua inglesa (3º curso, Inglés)
202269	Inglés científico-técnico (3º curso, Inglés)	200159	A literatura inglesa e a súa crítica (3º curso, Inglés)
200169	Variedades do inglés (4º curso, Inglés)	200173	Literatura irlandesa (4º curso, Inglés)
200170	Literatura inglesa e xénero (4º curso, Inglés)	200174	Literatura norteamericana nos seus textos (4º curso, Inglés)

Do grao en galego e portugués

1º cuadrimestre		2º cuadrimestre	
200140	Lingua e cultura dos países de fala portuguesa (3º curso, Galego e Portugués)	200144	Normalización e planificación da lingua galega (3º curso, Galego e Portugués)
200141	Edición e comentario de textos galegos e portugueses (3º curso, Galego e Portugués)	200145	Literatura galega e estudos socioculturais (3º curso, Galego e Portugués)
200155	Lingua e variación no espazo galego-portugués (4º curso, Galego e Portugués)	202256	Narrativa e ensaio en lingua galega e portuguesa (4º curso, Galego e Portugués)
200156	Poesía en lingua galega e portuguesa (4º curso, Galego e Portugués)	202257	Teatro en lingua galega e portuguesa (4º curso, Galego e Portugués)

Deberán cursar en total:

- dúas materias de 3º do Grao en Galego e portugués
- dúas materias de 3º do Grao en Inglés
- dúas materias de 4º do Grao en Galego e Portugués
- dúas materias de 4º do Grao en Inglés

Outras materias optativas que se poden cursar como formación adicional

1º cuadrimestre		2º cuadrimestre	
202271	Filosofía e literatura	200161	Linguaxe, discurso e comunicación
202270	Idioma moderno 2: Francés	200160	Idioma moderno 3: Francés
200177	Idioma moderno 2: Italiano	200180	Idioma moderno 3: Italiano
200179	Idioma moderno 2: Alemán	200182	Idioma moderno 3: Alemán
200126	Linguas do mundo	200130	Estruturas e variedades do latín
200142	Historia e cultura de Galicia	200146	Cultura latina medieval
200171	Literatura e artes visuais	200147	As linguas románicas
202222	Contactos lingüísticos e literarios na tradición románica	200176	Idioma moderno 4: Francés
202223	Literatura latina	200183	Idioma moderno 4: Italiano
200157	Literatura comparada	202226	Lingua e sociedade
200158	Linguas e tecnoloxías	202227	Literatura e cultura
		202259	Literaturas románicas
		200175	Español como L2
		202258	Lecturas de literatura española e hispanoamericana

A oferta de materias de formación adicional actualízase cada curso na páxina web do centro.

Anexo II. Táboa de recoñecementos mutuos entre as dúas titulacións

Grao en Galego e Portugués					PROGRAMA ACADÉMICO DE SIMULTANEIDADE	
Código	Créditos	Materia	Curso	Carácter	Código	Materia
200140	4,5	Lingua e cultura dos países de fala portuguesa	3º	OP		recoñecida
200141	4,5	Edición e comentario de textos galegos e portugueses	3º	OP		recoñecida
200155	4,5	Lingua e variación no espazo galego-portugués	4º	OP		recoñecida
200156	4,5	Poesía en lingua galega e portuguesa	4º	OP		recoñecida
200144	4,5	Normalización e planificación da lingua galega	3º	OP		recoñecida
200145	4,5	Literatura galega e estudos socioculturais	3º	OP		recoñecida
202256	4,5	Narrativa e ensaio en lingua galega e portuguesa	4º	OP		recoñecida
202257	4,5	Teatro en lingua galega e portuguesa	4º	OP		recoñecida

Grao en Inglés					PROGRAMA ACADÉMICO DE SIMULTANEIDADE	
Código	Créditos	Materia	Curso	Carácter	Código	Materia
202268	4,5	Técnicas de redacción e argumentación	3º	OP		recoñecida
202269	4,5	Inglés científico-técnico	3º	OP		recoñecida
200169	4,5	Variedades do inglés	4º	OP		recoñecida
200170	4,5	Literatura inglesa e xénero	4º	OP		recoñecida
202272	4,5	Cuestións de lingua inglesa	3º	OP		recoñecida
200159	4,5	A literatura inglesa e a súa crítica	3º	OP		recoñecida
200173	4,5	Literatura irlandesa	4º	OP		recoñecida
200174	4,5	Literatura norteamericana nos seus textos	4º	OP		recoñecida

Anexo III. Solicitud de admisión en 3º curso

DATOS PERSOAIS

Nome e apelidos		DNI ou pasaporte
Teléfono de contacto	Correo electrónico	

EXPOÑO:

Que son alumna/o de 2.º curso da titulación de

- ☐ Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios
- ☐ Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios
- ☐ Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios

SOLICITO:

A admisión para o curso académico 20 /20 no

- ☐ Programa de Simultaneidade do Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios e o Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios
- ☐ Programa de Simultaneidade do Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios e o Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios
- ☐ Programa de Simultaneidade do Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios e o Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios

A Coruña, de de 20

Asinado

Anexo IV. Solicitud de abandono do programa de simultaneidade

DATOS PERSOAIS

Nome e apelidos		DNI ou pasaporte
Teléfono de contacto	Correo electrónico da UDC	

EXPOÑO:

Que son alumno/a do

- ☐ Programa de Simultaneidade do Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios e o Grao en Galego e Português: Estudos Lingüísticos e Literarios
- ☐ Programa de Simultaneidade do Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios e o Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios
- ☐ Programa de Simultaneidade do Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios e o Grao en Galego e Português: Estudos Lingüísticos e Literarios

SOLICITO:

Abandonar o devandito programa de simultaneidade e continuar coa titulación de

- ☐ Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios
- ☐ Grao en Galego e Português: Estudos Lingüísticos e Literarios
- ☐ Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios

A Coruña, de de 20

Asinado